

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac8156005657738302492.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 26-2025

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN FUNCIÓNS

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DAS FESTAS DO SAN FROILÁN 2026

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 26-2025, por un importe total de 48.500,00€, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas das festas do San Froilán 2026, según pon de manifesto na solicitude conxunta asinada pola xefa de servizo de Educación, Beatriz Pérez Traseira maillo xefe de servizo de Cultura, Turismo e Deportes, Xosé Manuel Cao Rei, coa conformidade da concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, o 14.08.2025.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2025/188, do 18.08.2025, así como os mandamentos contables RCMOD Ref.: 51469/2025, por importe de 43.500,00 €, e 51471/2025 por importe de 5.000,00 €, ambos asinados o 19.08.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 48.500,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO C.P.253380101</u>	<u>IMPORTE €</u>
32000.21200 32000.22706	43.500,00 € 5.000,00 €	33801.22799	48.500,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	48.500,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	48.500,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac8156005657738302492.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 26-2025